

Examinado o informe proposta elaborado polo negociado de cultura con data 13 de novembro de 2024 e que literalmente di:

“A Xunta de Goberno Local en sesións celebradas os días 08.07.2024 e 05.08.2024 aprobou as bases que rexerán o XXXIV Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2024.

Segundo a base oitava do antedito concurso o xurado estará formado por:

- *Unha presidencia técnica e catro vogais, todos eles músicos de recoñecido prestixio, con voz e voto.*
- *Unha presidencia institucional con función representativa, que recaerá no alcalde do Concello de Ferrol ou no concelleiro delegado de Cultura.*

A Secretaría, que recaerá nun funcionario/a do negociado de Cultura ou en quen se delegue, que actuará con voz e sen voto.

Con data 25.09.2024 o concelleiro delegado de Cultura acordou o nomeamento do xurado, a excepción da Secretaría do concurso.

En anteriores edicións o nomeamento da secretaria do xurado do concurso de piano recaeu na persoa de David Monteagudo Martínez, funcionario do Concello de Ferrol, quen realizou ditas tarefas de forma axeitada e satisfactoria para esta concellería, polo que tendo en conta a súa experiencia na realización das anteditas funcións, proponse o seu nomeamento para a presente edición do Concurso Internacional de Piano do ano 2024.

*Á vista do exposto **proponse** ao concelleiro delegado de Cultura, órgano competente para resolver en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP Nº 241 do 20/12/2023) o seguinte:*

Primeiro . - *Nomear a Secretaría do xurado do XXXIV Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2024, na persoa de **David Monteagudo Martínez**, con NIF 32 R, que realizara as súas funcións entre os días 15 e 22 de novembro de 2024.*

Segundo.- *A prestación deste servizo retribuirase a través de servizos extraordinarios, os cales se tramitarán da forma regulamentaria e establecida neste Concello.*

Terceiro.- *A presente resolución darase a coñecer na páxina web do concurso, en cumprimento da base oitava”.*

E tendo en conta a documentación que o acompaña,

Decreto.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

O Concelleiro delegado de Cultura

Dou fe,
A Oficial Maior
como titular do órgano de apoio á XGL

José Antonio Ponte Far